

## Metáfora do saber

*Dos artistas investigadores*

MARCELA SANTORUM

Non as entendo en modo ningún. Non son literatura. Só son disposicións pictóricas que me obsesionan”. Esta foi a suxerente contestación que ofreceu Marc Chagall a un xornalista acerca dunha pregunta sobre o significado das súas obras. Podemos atopar moitas declaracións de artistas dentro desta categoría de resposta. Esta posición dos pintores non é unha incapacidade para explicar o seu traballo. Só revela a presenza dun estado de consciencia necesario para o traballo plástico ao que non se pode chegar a través dos recursos propios doutros estados de consciencia, como o da racionalización. Estes estados son os que identifican o espazo da investigación do artista. Para dous estados de consciencia diferentes, dúas linguaxes diferentes.

Son crecentes nestes días as explicacións dentro da crítica da arte que empregan o pensamento analóxico. Comparacións entre unha parcela do saber e outra para favorecerse dos modelos explicativos provintes doutras disciplinas. Resultan de utilidade cando se realizan considerando certas coincidencias estruturais entre as áreas a comparar. Pero este recurso aplicado á arte complica porque non só a linguaxe da arte é outra, senón porque para achegarmos ao territorio de traballo do artista necesitamos outro estado de consciencia. Aínda que é oportuno dicir que nas explicacións que se fan seguindo o razoamento analóxico para explicar a arte, teñen o seu valor. Aínda que non iluminen moito o noso entendemento sobre a investigación do artista e o seu sentido da obra, nalgunhas ocasións son tanto máis ocorrentes e imaxinativas que os propios obxectos artísticos que explican.

Claro que podemos indagar na arte sobre a presenza de contidos de saber baseados noutras fontes, alleas ás da propia mate-

ria artística, no traballo dos artistas: pero trátase dun exercicio enriquecedor que compete aos historiadores. Mais esta presenza na investigación do artista só é unha consciencia teórica difusa. A través das obras revélase un contido cultural herdado. Neste sentido podemos percorrer todas as épocas e descubrir a súa filosofía mediante o peculiar encontro do artista coa sociedade. O pensamento reconécese e seguimos a súa historia. O paso do ideal ao real. Dende o real á abstracción e dende a abstracción ao actual mundo da simultaneidade. A obra ofrécenos unha metáfora do saber. Non obstante, o encontro destes coñecementos, achegados doutros saberes non deixa de ser produto, no caso do pintor, dunha consciencia difusa e este tipo de percepción é a propia da arte. Claro que hai exemplos de artistas que foron quen de adaptar o seu traballo a unha teoría elaborada. Algúns artistas máis identificados no seu día co positivismo, aventuráronse a conceptualizar o seu traballo en propostas teóricas. Alí quedaron os esforzos de Malevich e Mondrian detrás das harmonías da cor e da forma que os conduciu a un caleixón sen saída. Limitacións da pescuda racionalista no ámbito da subxectividade.

A arte dende o achegamento externo é esencialmente metafórica, e evoca desta maneira os coñecementos aportados por outras disciplinas, pero é unha realidade non metafórica dentro do ámbito de traballo do artista. A realidade externa da arte nada ten en común co seu mundo interno. Esta investigación, a que fai o artista, non necesariamente está orientada a explicarse nun corpo teórico, máis ben materialízase e vívese na realización e na contemplación. Da mesma forma que o gusto non pode ser aprendido, só exercido, ningunha explicación a través de conceptos pode guiar nin a realización de unha obra de arte nin a capacidade para gozar dela. Hai cousas que non se poden explicar, só poden ser experimentadas. Aínda que as reivindicacións non están de moda, está ben reivindicar aquilo tan simple de “gústame ou non me gusta” cando estamos diante dunha obra de arte.



# Antropoloxía e Política

Unha das preocupacións iniciais da Antropoloxía desde as súas orixes foi o estudo da dimensión política do ser humano. Partindo do paradigma evolucionista, os primeiros antropólogos buscaron as orixes do poder político e escribiron multitude de monografías e sínteses comparativas sobre as formas primitivas do poder que se foron sucedendo até chegar ao poder estatal. O ámbito de estudio eran as sociedades arcaicas, exóticas e remotas, onde se pensaba atopar “o político” nas súas formas máis simples e orixinais. O ámbito das sociedades desenvolvidas e a concepción da política como campo independente quedaba como obxecto de estudo de politólogos e sociólogos: unha concepción que, non obstante, non resistiu o paso do tempo, toda vez que a Antropoloxía política actual amplía a súa ollada ás sociedades modernas.

Marc Abélès destaca que todo enfoque antropolóxico que se ocupe do ámbito político debe atender a tres tipos de intereses: primeiramente, a maneira de acceder ao poder e o xeito de exercelo. En segundo lugar, o interese polo territorio e as identidades que nel se afirman. E en terceira instancia, a representación pública. Nós, poderíamos engadir un cuarto ámbito, que sería o estudo dos discursos legitimadores do poder.

Repasemos algo máis polo miúdo algún destes puntos. A dimensión territorial do político é un aspecto do que non nos podemos esquecer. Evans-Pritchard, o autor do famoso *The Nuer*, definía o político como as “relacións que existen dentro dos límites dun sistema territorial entre grupos de persoas que

## Das sociedades exóticas á globalización

MARUXA GESTOSO ÁLVAREZ

viven en extensións ben definidas e son conscientes da súa identidade e a súa exclusividade”. Definirse como grupo é inscribirse nun determinado territorio. De aí que a territorialidade e a noción de identidade, ou identidades, que nel se reivindicaban sexan aspectos indisolubles. E así damos co sentimento de identidade nacional, outro dos conceptos básicos para a antropoloxía política. E. Gellner, teórico do nacionalismo, parte da diversidade cultural como un dos grandes fenómenos da vida humana e sitúa as semellanzas culturais como vínculo social básico do sentimento nacionalista, que atoparía o seu idioma e carácter na época do Romantismo. Herder, pensador romántico, afirma que a humanidade non está constituída por individuos separados, senón que está conformada por nacións e culturas particulares. Hobsbawm e Anderson aceptarían esta visión ortodoxa sobre a orixe do nacionalismo. Hastings vai máis alá. En *A construción das nacionalidades* afirma que o nacionalismo está xa presente en Inglaterra antes do 1066, e sinala como característica máis propia dunha nación o desenvolvemento dunha lingua vernácula escrita.

A fixación dunha comunidade política, ben sexa estatal ou dunha nación que aspire a converterse en estado, pasa pola representación escénica dos seus elementos identitarios. Este feito, que se produce en toda orga-

nización política, adquire unha dimensión enorme na sociedade occidental contemporánea, volcada no mundo da publicidade e dos medios de comunicación. Abélès afirma que “facer ver é un aspecto consubstancial á orde política” e corresponde á antropoloxía dirixir a súa vista aos símbolos e ritos do poder das sociedades actuais. Sinala, así mesmo, lugares importantes da representación do político: campañas electorais, manifestacións, políticos na TV; imaxes, cores, emblemas, xestos... “Fragmentación e repetición por un lado; dramatización por outro: todo contribúe a produ-

FIXACIÓN DUNHA  
COMUNIDADE  
POLÍTICA  
PRECISA DA  
REPRESENTACIÓN  
ESCÉNICA DA SÚA  
IDENTIDADE

cir a trampa do pensamento”. A nova realidade política constrúese diante dunha pantalla de TV e o líder é, en moitos casos, un produto de márketing, no que os especialistas souberon imprimir todos eses aspectos que poden “funcionar” para lograr unha aceptación por parte dos individuos.

Chegamos así ó tema da legitimidade do poder político, adquirida nos sistemas democráticos polas urnas, mais “gañada” a través desta simboloxía do poder, da súa linguaxe e dos seus discursos.

A Antropoloxía Política actual enfróntase aos novos retos da vida política. Dunha banda, a definición xa comentada das identidades nacionais e por outra a construción das comunidades transnacionais. Véxase o caso, por exemplo da construción da Unión Europea e a invención dunha liguaxe e simboloxía propias referidas ao sentimento europeo e manifestadas, unha vez máis, nos distintos mass media co obxectivo de crear a desexada identidade a un nivel non unicamente económico, senón como identidade vivida. E un novo desafío, que a antropoloxía non pode esquecer: o plantexado polas novas redes de comunicación e a sociedade globalizada. Un mundo novo, que pon en perigo a diversidade cultural do que a Antropoloxía Social se nutre e que tende a unificar e monopolizar o pensamento, e todas as dimensións da vida, tamén a política. Os estudos sociais, e a Antropoloxía, en particular, non poden dar as costas á mundialización da política e deben ter como obxecto de estudio as novas linguaxes simbólicas (aínda que estas sexan virtuais).

## O sistema dos “grandes homes”

Na análise das diferentes culturas, a Antropoloxía recolle modos distintos de actuar e organizarse politicamente. Un dos máis básicos é o liderado que chegou a consolidar a figura dos “grandes homes”. Un repaso a esta forma de poder político pode facernos pensar sobre a enorme diferenza que existe co liderado político nas nosas sociedades.

A figura do “cabeza” responde ao xeito de certos pobos organizados en bandas ou aldeas. Nestes grupos o líder é un individuo con moio pouco poder efectivo; tan pouco que é incapaz de esixir obediencia. De aí que o seu poder consista en arengar. É o encargado de intensificar a produción a da redistribución dos bens do grupo. Nalgunhas etnias a súa opinión é tomada en consideración unicamente en cuestións de caza. Ademais de non ter un claro poder, o “cabeza” debe dar exemplo. Thomas Gregor, que estudou os indios Mehinaçu do Brasil, explicou como o “cabeza” debe ser fundamentalmente xeneroso: ten que repartir a mellor pesca e as súas mellores posesións, non se pode enfadar en público nin recriminar a ninguén, a súa esposa debe facer pasteis a toda persoa que llos pida. Levi-Strauss, ao falar dos indios Nambikwara tamén expresa algo semellante: debe ser o primeiro en erguerse polas mañás, facer as tarefas máis duras, nunca quedar as mellores pezas nas transaccións comerciais...

Cando nun grupo existen varios “cabezas” estes podían competir para lograr a reputación de “grandes homes”. Oliver estudou o sistema de grandes homes entre os Siuai das illas Salomón. Chegar a ser “mumi” é a maior aspiración de calquera xove. O aspirante a grande home debe conseguir seguidores e para iso debe dar mostras de enorme xenerosidade, realizando festíns cada vez máis grandes que lle supoñen grandes restricións persoais. Ser “grande home” non proporciona poder de coacción sobre os demais, nin un mellor nivel de vida. Abonda rematar co dito Kaoka, recollido por Hogbin: “Quen dá o festín queda cos ósos e os pasteis rancios; a carne e o touciño lévana os demais”.





Silvia Longueira

# “O Foro pretende analizar as infraestruturas do Exilio”

Como xurdiu a idea de organizar este I Foro Internacional do Exilio, titulado como “As fronteiras do Exilio”?

-Cando comezamos a falar da coprodución co MARCO e co CGAI da exposición “Diáspora. 10 artistas galegos no exilio latinoamericano”, vimos que había a necesidade de explicar parte do que sucedera, non só cos artistas plásticos que protagonizan a exposición, senón con outra serie de persoas vinculadas ao mundo político e cultural galego que estiveron na mesma situación. A partir de aí, comezamos a pensar na posibilidade de analizar en profundidade todo ese movemento xurdido a partir do ano 1936, que fora estudado dunha maneira máis focalizada ou personalizada, pero non dende un senso global. E así montamos este I Foro Internacional do Exilio, que se chama *As fronteiras do Exilio* pola pluralidade de temas que se tocan.

- Constitúe, polo tanto, o primeiro foro no que se trata o exilio dende tantos puntos de vista?

-Con esta pluralidade, inclusive con personaxes políticas relevantes que, ademais, foron estudosos da materia, eu coído que si. Aquí están implicados axentes culturais, sociais e políticos de toda índole e de toda nacionalidade. É un foro internacional e integrador.

- Durante o exilio, había esa diferenza entre diferentes nacionalidades ou loitaban todos polo mesmo obxectivo de restaurar a República?

-Son temas que se analizarán neste congreso e, ademais, eu non son unha experta en semellante cuestión. Pero o que se transplantou de Galicia, e doutras nacionalidades do territorio español, en América Latina foi un pouco a discusión do Estado. Se ben é certo que do que se trataba era de loitar por reestruturar e organizar esa volta a un territorio ocupado, que xa non lles pertencía nalgunha medida, no exilio si se mantiveron as diferentes tendencias, os diferentes modos de ver a política de vascos, cataláns e galegos. Mesmo entre os exiliados galegos había diferentes tendencias en como apreciar o nacionalismo ou en como facer un nacionalismo de carácter progresista.

- Os temas que se están a tratar no foro non se cinguen ao ámbito político ou artístico, e no programa incluíron unha ponencia sobre o exilio científico e outra sobre a masonería e exilio...

-Así é. Son temas que, aínda que nalgún foro non se lles dera especial relevancia, están aí. Hai pequenos estudos que analizan que pasou, por exemplo, cos científicos exiliados, cos que quedaron alí e cos que decidiron retornar. E o tema da masonería paréceme, de todos os que se teñen tocado e que se van a tocar neste foro, un dos que máis expectación esperta. O ponente foi José Antonio Ferrer Benimeli, un dos máximos expertos en masonería do mundo, e na súa intervención xa deu datos de algo do que se falaba, que era a pertenza de Luís

Directora da Fundación Luís Seoane, Silvia Longueira explica os detalles que rodean o I Foro Internacional do Exilio: un encontro que se está a caracterizar pola pluralidade de expertos e de puntos de vista.

NATALIA ÁLVAREZ



Silvia Longueira, directora da Fundación Luís Seoane.

Seoane ou de Dieste a loxias masónicas. Porque neste foro non se trata só de recuperar aqueles grandes feitos das personaxes do exilio, senón esoutros pormenores que nos gustaría saber, para poder entender. Por exemplo, como entroncan Luís Seoane ou Dieste en Bos Aires. Porque, entre outras cousas, hai unha vida cotiá que manter. Entón, hai que ver como se modera e como se crea esa infraestrutura. Igual que un entende

que hai diferentes correntes artísticas, que aparecen porque aparece unha tecnoloxía determinada, e que iso temos que coñecelo para poder entender a pintura, tamén penso que hai que entender moita infraestrutura do exilio para poder entendelo.

- O venres pasado organizaron, ademais, unha mesa redonda con diversas testemuñas porque, afortunadamente, aínda

podemos contar coas experiencias de primeira man dalgúns dos protagonistas do exilio galego.

- Isaac Díaz Pardo non puido asistir e veu o día anterior, para suplir a súa asistencia. Na mesa estivemos con Xosé Neira Vilas, exiliado per se, que nos falou do exilio cubano. Con Natalia Granell, que foi o exemplo quizais máis cosmopolita do exilio que había na mesa, porque estivo en EE UU, Santo Domingo, Porto Rico, Venezuela,... seguindo a traxectoria do seu pai, o pintor Eugenio Granell. E Xosé Díaz, que foi para nós unha testemuña bastante emotiva, porque traballou con Luís Seoane. El foi o deseñador galego que estivo da man de Seoane, traballando en Galicia cando Seoane estaba en Galicia, e mesmo cando Seoane estaba en Bos Aires. É, un pouco, o herdeiro de todo o seu plantexamento. Tamén queríamos contar coa presenza de Andrés Beade, pero non foi posible. Pero tanto os testemuños de Isaac Díaz Pardo, como os de Natalia Granell, Xosé Díaz e Xosé Neira Vilas foron fundamentais. Como dicíamos antes, queríamos coñecer a vida cotiá do exilio: a familia, os fillos, ... e o devir que tivo. É o caso de Natalia Granell, por exemplo. Ela retornou a Galicia, pero os seus fillos decidiron montar a súa vida en EE UU, onde naceran. Vén ser, polo tanto, unha consecuencia daquel 1936.

- O foro xa leva en marcha dúas semanas. Está tendo o éxito que agardaban?

-Estamos a encher o salón de actos todos os días, así que o éxito parécenos espectacular. Hai un interese académico profundo por parte do público universitario, e unha curiosidade por parte daqueles que acoden ás conferencias que lles poden interesar. Ademais, o feito de que as conferencias se alonguen moito, debido á participación do público, paréceme, nalgunha medida, un índice de éxito.

- É doado que cumplan, daquela, o obxectivo de facer deste encontro un foro bianual?

-A idea é ir, a partir de agora, cara a unha especialización. O que fixemos nesta edición foi traer as máximas figuras do mundo académico que están traballando sobre o exilio: Clara Lida, da Universidade de México, Jean Claude Villegas, da Universidade de Dijon, Ana González Neira, da Universidade de Xénova, Francesc Vilanova, da Universidade Autónoma de Barcelona, José Ángel Asuncion, da Universidade de Bilbao, Alicia Alted, da UNED, Manuel Aznar Soler, da Universidade de Barcelona, etc. Ademais, temos dúas figuras mediáticas, que son Iñaki Anasagasti e Santiago Carrillo. Anasagasti, que ten unha tese sobre Castelao, falará, partindo desa tese, da relación entre o exilio de Euskadi e o exilio de Galicia. É o que dicíamos antes: coñecer como eran eses vínculos entre os distintos gobernos españois no exilio. E Santiago Carrillo vai falar dun tema que todos estamos agardando, que é a oposición ao franquismo dos distintos partidos políticos no exilio.

## Voz desterrada

### Crónica certa dunha vida

ARMANDO REQUEIXO

Se hai un título que, como investigador literario, lle acae especialmente a Fernando Salgado este é o de *bió-grafo oficial* do seu paisano Lorenzo Varela. Ninguén coma el coñece as físgoas todas da súa xeira vital, os episodios venturoiros e foscros dun autor que tan intenso e accidentado vivir tivo. Sen dúbida, hai outros estudosos da obra vareliana que teñen demostrado sobradamente o seu coñecemento textual e aínda global da súa biobibliografía, mais coido que ninguén coma Salgado podería ter escrito *Lorenzo Varela: a voz desterrada*, biografía intelectual (e non só) dun creador que, logo deste 2005 que encara a súa fin, é xa para moitos menos descoñecido.


*Lorenzo Varela: a voz desterrada* contou cunha redacción primeira na monografía *Lorenzo Varela: crónica dunha vida atormentada* (1995). Ora ben, cómpre non se equivocar: esta nova obra non é unha simple revisión

epidérmica daqueloutra, senón que constitúe de certo un outro libro, no que se incor-

poraron bastantes novos capítulos, se ampliaron moitos outros e mesmo se reescribiron numerosos parágrafos aquí e acolá. O resultado é un texto aínda

moito máis ambicioso que o redactado dez anos antes, pois é este un volume de referencia no que, á parte de actualizarse a bibliografía, apuntarse novos datos de moi diversa índole e completarse a cita de homenaxes e actos en honor de Varela, o xornalista lucense profundou con acerto nas relacións amorosas que o

autor de *Lonxe* mantivo coas que foron as mulleres da súa vida



(Julia Álvarez Rodríguez, Estrella Garro, Estela Canto e Marika Gerstein), o trato amigable que profesou a outros persoeiros literarios como Cernuda, Cortázar ou Juan Ramón Jiménez e aínda o vencello que o uniu aos escritores do grupo de Victoria Ocampo e a revista argentina *Sur* (Borges, Bioy Casares, Sábato...).

Alén do dito, neste libro, prologado igual que o texto de 1995 por Xesús Alonso Montero, soubo Salgado incorporar e posprocesar as investigacións e descubrimentos varelianos de diferentes colegas seus (Ferreiro Fente, Axeitos e o propio Alonso Montero, principalmente) que moito contribuíron a iluminar escuros pozos da súa figura, o que non fai senón confirmar a importancia e valía deste *Lorenzo Varela: a voz desterrada*, crónica certa dun monterrosino universal.

SALGADO, Fernando, *Lorenzo Varela: A voz desterrada*, Ed. do Castro, Sada-A Coruña, 2005, 345 páxinas

## Soños do devir

### Da Arte e do Compromiso

XOSÉ FEIXO

Entre os meses de decembro do ano 2002 e xaneiro do 2004, desenvolveuse na galería Sargadelos de Barcelona un ciclo de exposicións baixo o título de "Art i Compromis Social de la Cultura Galega", a cargo de María América Díaz Pampín e María Díaz Rey, coa colaboración dos seus compañeiros do Instituto Galego de Información, Charo Portela, Gloria López, Alfonso Mato e X. R. Fandiño, en temas concretos, e Xosé Vizoso na deseñística e Adolfo Vizoso na dixitalización dos panos.

Os textos empregados nese longo ciclo, traducidos, corrixidos e aumentados posteriormente, son os que agora se nos presentan neste libro baixo o título de *Arte e compromiso social da cultura galega*, que publica Edicións do Castro.

Este libro vén demostrar, tal e como se indica na contra-

capa, "que o mes de xullo do ano 1936 foi unha verdadeira desfeita para Galiza enteira, incluídas as súas manifestacións culturais". Tenta, ade-

mais de dar unha ampla visión do compromiso seguido polos artistas galegos no pasado, situar ese compromiso no presente e descubrir o camiño que seguirá no futuro.

Desde os antecedentes con que comeza a obra (o labor de Castelao, as institucións creadas polos galeguistas, o labor de Ánxel Casal, o Estatuto...), ata o tratamento dado, sobre todo aos pintores, e en menor medida ás letras, música, fotografía e cine, o obxectivo perseguido conséguese sen paliativos.

Con todo, o mellor, para min, é a posibilidade de poder consultar, nunha soa obra deste tipo, o fundamen-

tal destes nosos artistas: Manuel Colmeiro e Arturo Souto; Carlos Maside e Luís Seoane; Manuel Torres, Laxeiro e Pesqueira; e Maruja Mallo, Lugrís e Granell. Xunto ás súas interesantes biografías (sempre truncadas e marcadas pola Guerra Civil) podemos ir coñecendo o desenvolvemento da súa obra, as súas etapas, as súas relacións cos máis importantes artistas occidentais do século XX (Picasso, Miró, Miguel Hernández, Neruda, Huidobbo, Eluard, Gabriela Mistral, André Breton...), as súas exposicións, o pensamento artístico de cada un... Podemos coñecer, por exemplo, como xurdiu e se desenvolveu o surrealismo, como incidiu nos artistas galegos...

Poderemos, en fin, dunha ollada, coñecer mellor o devir cultural de Galicia. Recomendámolo.

VV.AA. *Arte e compromiso social da cultura galega*, Ed. do Castro, Sada-A Coruña, 2005, 111 páxinas



## Con Grial

### Memoria da Autonomía

XOSÉ RAMÓN PENA

Certamente, coa xeira que estamos a vivir –na cal, novamente, a temática acerca de conceptos como "nación", "nacionalidade histórica", "textos constitucionais", "federalismo", "soberanía", etc, etc está de plena e vixente actualidade– a presenza dunha nova entrega da "Revista Galega de Cultura", *Grial*, no que fai o número 166 da súa traxectoria, non pode resultar máis oportuna. Efectivamente,

tallado e percorrido arredor non só da xénes e espallamento do Estatuto de Autonomía actualmente en vigor, senón aínda da proxeción do modelo estatutario cara aos nosos días. Sen dúbida, un conxunto de interesantes e importantes traballos que han de suscitar apreciacións positivas, pero tamén matices e aínda controversias: algo realmente normal nunha sociedade que se autocalifica como aberta, plural e, a pesar de todos os pesares, desenvolvida. No camiño

dun país adulto e dono de seu, as reflexións acerca da constitución –moderna e/ou máis cercana– desa mesma entidade configuran un apartado especialmente necesario. De aí que o exemplo de *Grial* ben pode servir como estímulo para outros volumes e traballos semellantes. En todo caso, repítámolo, estes que agora presentamos merecen toda a atención.



"25 anos despois. O difícil nacemento da autonomía" é o título do apartado que conforma a temática central que ocupa as páxinas de *Grial*, desta volta. Deste xeito, Ramón Villares, con "A xénes dunha anomalia"; Xosé Ramón Quintana e mais Luís Domínguez, con "Á busca do autogoberno perdido: nacionalismo posibilista, comunistas e galeguistas históricos na xénes do Estatuto de Autonomía para Galicia (1977-1980)"; Xosé Luís Rodríguez Pardo, con "A redacción e aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia de 1980"; Xosé Luís Barreiro Rivas, con "Cultura política e autonomía en Galicia (1980-2005)" e Justo G. Beramendi, con "Mellor coherentes que realistas", levan adiante un amplo e de-

Pero, ademais, *Grial* ofrece dúas entrevistas que veñen complementar o anterior: unha delas con José Luís Meilán Gil e a outra con Cefirino Díaz, dúas personalidades que tiveron especial relevo naquelas horas de hai vinte e cinco anos.

As habituais seccións de "Temas do noso tempo", "Documentos" –coa presenza de "O Foro do Burgo de Castro Caldelas (1228), unha clave singular na emerxencia escrita da lingua galega e que presenta Henrique Montenegro-, "O espello das letras", "O rego da cultura"... veñen contribuír a que debamos saudar con ledicia esta nova entrega de *Grial*.


VV.AA., *Grial*, nº 166, Ed. Galaxia, Vigo, 2005, 163 páxinas



## LIBROS

Ao abrir este libro atopamos a dedicatoria do autor aos compañeiros da ruta de música que lle chaman, coma o título da obra, *Tres Trebóns*, informándonos na lapela de que Xurxo Souto (A Coruña, 1966) antigo vocalista do conxunto *bravú*, Os Diplomáticos de Monte-Alto, toca o acordeón no grupo que leva o mesmo nome que este libro. Trala lectura, fica a bourar dentro do lector o universo propio que o escritor xa amosara nas súas anteriores obras: nos dous libros de relatos *A tralla e a arrouxada* (1995), e *Fumareu* (1997), na novela *O Retorno dos Homes Mariños* (1999), e na escolma de artigos *Contos da Coruña* (2001). No limiar do escritor Fran Alonso afirmase que pertence Souto a esa esotraña raza que é a dos fabuladores infatigables. E, a maiores, dánosen as claves da lectura: “exerce o seu oficio con frescura, con orixinalidade, cun poderoso universo propio que constrúe asumindo o mellor da tradición, o mellor da oralidade, o mellor da lingua popular, o mellor do rexistro dos contadores de contos”.

Velaquí que estamos diante dun conxunto de cinco relatos que transmiten imaxes de Santiago (“As fon-



## Tres Trebóns

Música, piercings e tatuaxes

Laura Caveiro

tes de Compostela”), da Ribeira do Berbés e do seu vello mundo mariñeiro (“A pesca do Mar-rau”), de calquera aldea metáfora de tantas (“Aldea terremota”), da coñecida desfeita acontecida na Coruña ao se derrubar o vertedoiro do Portiño en 1996 (“A voda máis bonita do mundo”), e da Barcelona musical e insomne (“A marabilla de Barna”)... En todos eles o puzzle de flashes vai retratando as modas de varias xeracións, coa omnipresencia da emigración galega, con ironía, e coa música como elemento que semella mover os fios que turren dos personaxes, querenza dun escritor que pediu o Día das Letras Galegas para Pucho Boedo.

SOUTO SABE ESPALLAR  
CORES, SABORES E MAIS  
SICHEIROS DESDE UNHA  
SINNEGABLE EFICACIA NA  
ARTE DE NARRAR

Sobrancea quizais neste libro un conto que non é inédito, “A voda máis bonita do mundo”, onde máis limpamente se poden apreciar as boas artes do narrador, e “Aldea terremota” do que nos di o propio Xurxo Souto que é, en rigor, un longo pé de foto: en 1997 o arquitecto Pablo Gallego Picard pediulle que armase unha historia a partir das fotografías realizadas para unha exposición, e así naceu esta viaxe cara aos adentros de calquera curruncho de Galiza.

Atínase ben en *Tres trebóns* harmonizando, co reconecible estilo telúrico de seu, os personaxes cos ambientes. Como atinan as descrições minuciosas, case fotográficas. As frases, curtas e incisivas, danlle información ao lector con poucas palabras, entre referencias como os Tamara e o campo da festa, tascas e Urbano Lugris no bar “A Guinda”, a rúa do Vilar e a rúa do Franco, sándwich mixto e sándwich de bocarte con tomate, música cascarilleira e rumbas, copos e petisco, o duro mar de Terranova e as bocas do metro de Barcelona, moitas tazas de viño e licor café, pandeiradas e tangos, pubs e autos de choque, vodas con arroz e traxes de casar alugados, colegas e repunantes, sesión-dj brutal e festas rachadas, fritanga e percebes, moita tropa e nenas de ouro, churrasco e faria, gaiteros e os primeiros pantalóns acampanados de Galiza, tute e vertedoiros que caen oa mar, as Ramblas e as Casas Reais, telenovelas e diluvios, a Algalia e a Igrexa das Ánimas, os grelos e a mostaza, a flor da xenciana e cuspe, espallando cor, sabor e cheiro sobre unha innegable eficacia narrativa.

SOUTO, Xurxo, *Tres trebóns*, Ed. Xerais, Vigo, 2005, 158 páxinas

## Curso de Lingüística Xeral

Nun recente libro que comentabamos hai pouco nestas páxinas -25 anos coa cultura galega (Sotelo Blanco Edicións)- Antón Santamarina, historiando os últimos vinte e cinco anos na lingüística galega, lembraba que en 1963 se inauguraron os estudos de Filoxía Románica na Universidade de Santiago coas cátedras de Lingüística Románica, Lingüística Xeral, Lingua Española e tamén, a cátedra de Lingua e Literatura Galegas, colixindo que “ata 1963 o nome de Saussure, pasados case cincuenta anos desde que aparecera o seu célebre *Curso*, nunca fora escrito nun encerado da Universidade de Santiago”

E que relevancia agocha este dato? Sen dúbida, moita. Se este libro clave na historia da lingüística se coñece e popularízase no seu día entre nós, e se se desen as condicións sociais e políticas que o permitisen, claro é, outro sería o panorama dos estudos lingüísticos de noso desde hai xa anos. Con todo, a presente e devedida tradución do *Curso de Lingüística Xeral* cómpre saudala con satisfacción e como un paso máis no afortalamiento, sempre necesario, do corpus de textos de xorne científico que tanto

CÓMPRE SAUARMOS CON  
SATISFACCIÓN UN VOLUME  
QUE SIGNIFICA UN PASO  
MÁIS NO AFORTALAMENTO  
DO CORPUS DE TEXTOS  
CIENTÍFICOS EN GALEGO

Tradución do clásico de Saussure

Ramón Nicolás


precisamos para camiñarmos cara a unha plena e auténtica normalización. Ademais, tanto o especialista como o profano na materia ha atopar, a través dunha máis que meritoria tradución, unha edición anotada e introducida con rigor por Xosé Manuel Sánchez Rei. Nas páxinas limiares este último autor ofrece un amplo percorrido por moi diversos aspectos que suscita o *Curso de Ferdinand de Saussure* (Xenebra, 1857- Vufflens sur Morges, 1913)- sistematizando, en primeiro lugar, un percorrido de carácter biográfico do autor, para logo subliñar a relevancia do autor atendendo ao proceso de publicación do texto -lémbrese que este se viu a luz postumamente, mercé á compilación dos apuntamentos de clase que fixeron dous discípulos seus: Charles Bally e Albert Sechehaye-, até engadir unhas notas contextualizadores do tempo no que esta obra ve a luz e mais cal foi a súa herdanza. Ademais, aínda Sánchez Rei artella un atinado e valorativo achegamento á situación da lingua e da lingüística galega na época da publicación do *Curso* e do tempo posterior.

Admitido comunmente este título como aquel que marca o nacemento da lingüística como ciencia e como o que introduce conceptos logo tan

estendidos, xeneralizados e reiterados non só por lingüistas senón por estudantes de niveis medio e superior como diacronía, sincronía, significante ou significado... Saussure, como é sabido, propón aquí esa xa clásica distinción entre lingua (o sistema) e fala (que viría sendo o seu uso), xunto coa concepción do carácter arbitrario do signo lingüístico, entre outros aspectos, elementos todos que supuxeron un chanzo fundamental para os avances que logo se darían no ámbito da ciencia lingüística.

Cómpre salientar, por último, que o presente volume fai o número douscentos na colección de referencia de Edicións Laidovento: unha serie que acolle desde hai anos, indistintamente, textos de carácter ensaístico, sexan traducións ou non, narrativa e teatro, algúns dos cales son hoxe en títulos indispensábeis para a conformación e boa saúde do noso sistema literario actual. Tanto por esta achega de Saussure, revestida de toda a dimensión simbólica que se queira, como polo longo camiño andado até acó pola editora compostelá só cómpre felicitarnos e felicitar aos seus responsábeis.

SAUSSURE, Ferdinand de, *Curso de Lingüística Xeral*, Laidovento, Santiago, 2005, 424 páxinas (tradución, estudo introdutorio e notas de Xosé M. Sánchez Rei).





O Instituto Cervantes de Lisboa está a expor a serie fotográfica realizada polo galego José Suárez (Allariz, 1902 - A Guarda, 1974) en La Mancha no ano 1965. Co gallo da mostra editouse un atractivo catálogo que reproduce as obras de José Suárez e que vai acompañado de textos de Ramiro Fonte, Teresa Siza e Xosé Luís Suárez Canal, este último, comisario da exposición, que realizou unha completa aproximación á figura e á obra do fotógrafo.

José Suárez é a figura de referencia na fotografía realizada por galegos nos anos da República e no longo exilio da posguerra.

A el débense -xunto con Carlos Velo no cinema- os intentos de crear unha imaxe galega, liberada dos tópicos costumistas. Ambos, para Luís Seoane, recollerán "da realidade galega a verdade da vida dos nosos labregos e mariñeiros e a súa mentalidade, imprimindo á súa obra unha alta forma estética pola calidade e autenticidade da fotografía dos exteriores que reflectiron coa cámara". As palabras de Seoane podemos estendelas ao ámbito universal, aos máis diversos mundos fotografados polo alaricano: América, Xapón ou La Mancha, tema este último da serie exposta na capital portuguesa.

A obra de José Suárez hai que situar nos parámetros do documentalismo, sempre desde un fondo respecto co medio, lonxe de calquera afectación máis cun extremo rigor formal.

A súa posición a respecto do traballo fotográfico cómpre inserila dentro das tendencias que nos anos vinte e trinta se espallan polos Estados Unidos e Europa, a chamada *Nova Obxectividade*, que pretende tocar temas variados, examinar rigorosamente o ser humano, o mundo, os obxectos e a natureza, procurando unha grande nitidez na imaxe.

Suárez realizou, nesta liña formal, nos anos trinta, series de temas galegos: traballos, oficios, festas, entre as que se pode salientar os da "Romaría de San Vitoiro" (1933) no seu concello natal de Allariz.

En 1935-36 realiza a serie "Mariñeiros", que precede á rodaxe do filme *Mariñeiros* (1936), que non pode rematar en Galiza debido ao comezo da Guerra Civil, que o vai levar ao exilio por mor da súa posición ideolóxica nitidamente de esquerda.

Na Arxentina Suárez mantén estreitos vínculos cos intelectuais do exilio e abre a súa obra a novas temáticas, mantendo a pulcritude e rigor formal que o caracterizan, como nas series dedicadas á Pampa e a Patagonía ou en "Nieve en la Cordillera" (1941), sobre as montañas

### Unha mostra fotográfica de José Suárez

CARLOS L. BERNARDEZ



# Luz de La Mancha



andinas, un exemplo perfecto desta paixón analítica que caracteriza a fotografía de Suárez. Da Arxentina vai, en 1950, para Punta del Este, Uruguai, onde rexenta a librería "El Yelmo de Mambrino", de nome nitidamente cervantino.

Cómpre salientar a súa xeira xaponesa, país no que vive entre 1953 e 1955, como correspondente de prensa, e do que fica engaiolado, tendo como resultado fotografías que seguindo as pautas da súa produción teñen un certo ar poético, na evocadora beleza das paisaxes e dos tipos físicos representados.

En 1959 volve a Galiza seguindo o seu labor fotográfico, retomando os temas do campo e mariñeiros, e tamén fotografa a cidade de Compostela.

## A beleza do fragmento

En 1965 Suárez realiza as súas fotografías sobre La Mancha -agora expostas en Lisboa- o que lle serve para conseguir un importante encargo da editora inglesa Cassell, para a que vai realizar unha serie sobre a festa dos touros, publicada co título de *The Life & Death of the Fighting Bull*.

As fotografías realizadas en La Mancha caracterízanse unha presenza lumínica de forte intensidade, precisión e claridade que vai parella a unha minuciosa preocupación coa situación de todos os elementos da escena, coidando dunha forma moi especial a localización das persoas, as olladas, as expresións e as arquitecturas. Ás súas fotos pódese aplicar o que Fernand Leger dicía en 1923 a respecto da beleza do fragmento, cando se refería a que había que captar o valor plástico dos anacos da vida e dos obxectos comúns. Este sentido e esta captación é perceptíbel en moitas das fotografías de La Mancha, nas que se pode observar a paixón pola natureza e pola análise do home e o mundo que o rodea. Son todas fotos que evidencian a vontade de comprensión da relación do seu humano real coa vida,

transmitindo as súas arelas e toda a complexidade vital. Nelas percibimos o que Eduardo Blanco-Amor sinalaba das súas fotografías, a captación afastada do tópico e a plasticidade da súa linguaxe fotográfica, na que o emotivo está presente, pero sempre dosificado, delimitado. Así se empresaba, en clave quixotesca, o grande escritor ourensán: "Jamás. que yo sepa, los blancos habian dado de sí esa quietud y ensimismamiento a la par que tan tierno y expresivo palique, ni los negros un contenido así de patético y sobrio. (Y el Gran Señor de ella, que también se fue en su tiempo, 'llevándose la canción consigo', sigue andando, sin andanzas, por el 'allí' de esas fotos: sin yelmo, sin lanza, sin figura ni siquiera triste, pero vivo, continuando en esos hombres y mujeres hechos a gubiazos de luz y sombra: en esas dulces bestias solidarias, en la forma acariciada, permanente de las cosas: la vasija, la herramienta, la entidad limitadora de las bardas, el armonioso contrapasearse de los aleros, los molinos que se creyeron gigantes y a veces lo fueron: Castilla)".



## INFANTIL/XUVENIL

## Gurgullíña

Con fonda sensibilidade ecolóxica

MARÍA NAVARRO

É Gurgullíña unha burbulla?, unha pinga de auga? Ou simplemente un personaxe imaxinario que ten a capacidade de viaxar, desprazarse, falar, aconsellar...? Os seus creadores Xoán Babarro e Ana María Fernández danlle vida nun volume da colección "Montaña Encantada" que Everest Galicia vén de publicar baixo o título *Gurgullíña sabe portarse ben*.

Os autores, coñecidos xa no mundo da literatura infantil e xuvenil pola súa preocupación didáctica e pedagóxica do galego e por publicacións conxuntas como *¡Grande invento saír do aburrimiento!*, *Primeiro libro con Malola*, *Tres países encantados*, *Barrigaverde e o dragón Achís* ou *A chamada das tres raíñas* agasallan aos seus lectores con textos nos que amosan arreo unha fonda sensibilidade eco-

lóxica transmitida, neste caso e como corresponde moi ao gusto da autora, de forma poética.

Dende o comezo do libro a protagonista declara atoparse a gusto entre as súas irmás na auga clara, escóndese entre as margaridas, naceu e vive nun manancial e un día tras chegar unha



nube de fume por entre as árbores decide marchar e levar as súas mensaxes, sempre en verso, polo mundo adiante para que a xente sexa máis feliz. Vaia personaxe!

Faltaría agora que a xente -pequenos e maiores- puidesen escoitar a voz de Gurgullíña e poñer en práctica os seus consellos que van dende o coidado da natureza, ata as máis elementais normas de educación, pasando pola necesidade de reciclar o aceite, o coidado que debemos poñer na piscina onde se producen graves accidentes, a referencia a hábitos hixiénicos ou o imprescindible que é aforrar auga, en definitiva, todo un repaso, máis ca desorganizado e sen ningunha coherencia, a unha serie de prácticas que sendo necesarias quizais non sexa o mellor modo de facérllelas chegar a un público infantil.

Tamén é certo por outra parte que a rima facilona dos versos -"os zapatos descalzados / deixádeos ben colocados", "se unha ducha has de tomar, / procura non salpicar" - e / ou a proposta plástica atraerá a atención dos primeiros lectores quizais pola sinxeleza das estruturas e a tenrura das imaxes e... "Quen sabe se chegará/a historia a callar!"

BABARRO, Xoán e FERNÁNDEZ, Ana María, *Gurgullíña sabe portarse ben*, Ed. Everest Galicia, León, 2005, 47 páxinas

## Cociñar perfumes

Non cabe dúbida que as cancións populares ou as infantís sempre foron e seguirán sendo unha parte imprescindible na vida dos meniños, estas acompañanos nos seus momentos de lecer, ben sexa cos amigos, ben cos pais ou tamén no intre de ir durmir onde as máis das veces unha canción convértese nun instrumento de axuda para conciliar o sono. Ademais, as cancións contribúen na infancia a desenvolver capacidades tales coma o ritmo e a memoria que non cesarán de acadar importancia ao longo da vida escolar dos rapaces.

A partir dunha canción da infancia escribe X. A. Neira Cruz este seu último conto infantil dirixido a nenos e nenas de seis anos. A canción arquiconocida, e non por iso exenta de críticas, é aquela que situaba a Mamburú marchando á guerra. Neira Cruz dálle á volta xa ao primeiro verso da canción e así a súa historia escomenza contando que Mamburú volve da guerra e que promete non volver ser soldado. Xa que logo a primeira páxina rompe coa imaxe de Mamburú que xeracións e xeracións tiñan na súa mente, pois agora o soldado aparece case que coma un pacifista, é un home canso da guerra e quere quedar na casa, mais el só sabe ser soldado e terá que buscar unha nova profesión.

## Pequenos universos sensoriais

PAULA FERNÁNDEZ

Tras un paseo polos diferentes oficios decide ser perfumero, aprende a selo e para a súa sorpresa cando xa consegue os aparellos, os ingredientes, e realiza as receitas descobre, ao tempo que consegue a admiración da xente, que os seus perfumes non o len coma os convencionais senón que todos e cada un deles arrecenden a comida, Mamburú converteuse polo tanto en cociñeiro de perfumes.

O humor e o enxeño son características presentes en todo o relato mais o máis interesante poída que sexa os xogos que se fan con sabores, cores e olores. O autor xoga cos sentidos, co que podemos percibir a través deles e artella un pequeno universo sensorial arredor da figura de Mamburú e das súas receitas.

Malia as boas artes, o humorismo ou a escrita poética o mellor do libro é de seguro a idea e o aproveitamento desta para comentar e expoñer algúns dos contidos transversais de primaria. Un rapaz de sempre asociado á guerra que se fai perfumero, con todas as connotacións que este oficio puido ter no seu tempo, e que deixa así un oficio asociado á destrución por outro ligado intimamente á creación e á beleza.



O conto complétase coas ilustracións de Pablo Prestifilippo que dan forma ás imaxes que apreciamos na escrita e que seguen as directrices seguidas polo relato no que atinxe ás raíces populares, ao humor e ao anhelo dun mundo onde a tenrura e a inocencia sexan trazos comúns a todas as persoas, incluso aos soldados.

NEIRA CRUZ, X.A., *Mamburú, cociñeiro de perfumes* (ilustr. Pablo Prestifilippo), Ed. Planteta&Oxford, Barcelona, 2005, 24 páxinas

## ANDEL DE NOVIDADES


M. BLANCO RIVAS

## Na memoria do pobo

M<sup>a</sup> Montserrat Varela Vázquez

Edicións Sotelo Blanco. 235 páxinas

Galardoado co Premio Vicente Rico de Ciencias Sociais 2005, o presente volume ofrece un conxunto de experiencias de máis de sesenta persoas que falan das súas vivencias e saberes así como dos seus sentimentos e recordos. A través deles achegámonos á cultura popular do século XX. A autora quérelle dar a palabra á xente do pobo, dado qu compón e forma parte da historia de Galiza. A linguaxe empregada, agás nos comentarios da autora, é a propia destas persoas. Ao longo do texto aparecen vinte e dous oficios, a maioría deles xa desaparecidos, en proceso de extinción ou de transformación. Os testemuños daquelas persoas que os levaron a cabo axudan a ver claramente a transformación sufrida pola sociedade do rural galego. Tamén se fala das festas e romerías, dos actos sociais e festas de familia. A miúdo todo está complementado con contos e cantigas populares. Deste xeito queda plasmada no texto non só a riqueza cultural e material, senón tamén a riqueza espiritual do pobo galego.



mén se fala das festas e romerías, dos actos sociais e festas de familia. A miúdo todo está complementado con contos e cantigas populares. Deste xeito queda plasmada no texto non só a riqueza cultural e material, senón tamén a riqueza espiritual do pobo galego.

## Medulio

Fernando Lillo Redonet

Editorial Toxosoutos. 162 páxinas

Esta novela recrea as guerras de cántabros, ástures e galaicos contra o invasor romano e a súa heroica resistencia final no mítico monte Medulio. A través do cántabro Laro e o galaico Camalo, o lector mergúllase nos costumes e a civilización do Norte da Hispania. Pero tamén se presenta a visión romana da conquista por medio dos recordos do mozo Décimo Xunio Bruto. Dous mundos moi diferentes que aportan, cada un, os seus mitos e a súa forma de ser e que configuraron a partir de entón as características do Norte. Roma impuxo a súa visión do mundo, pero non foi quen de rematar co que xa existía. Como subliña o ro-




mano Décimo na novela: "Xamais poderá a fera do Norte ser domesticada. O seu lugar está fóra do noso mundo de orde".

## Poemario inquedaante

María Reigosa


Editorial Toxosoutos. 76 páxinas

Colección de poemas contemporáneos en prosa distribuídos en tres seccións: "Versos en branco e negro", "Versos en Sepia" e "Versos en cor", encabezada por una introdución de Andy Warhol sobre a fugacidade da vida e a necesidade de aprender a vivila sen que se nos escape "con demasiada rapidez". Neste senso María Reigosa ofrece una serie de versos que son anacos de vida, momentos fuxidios que conforman a nosa existencia. en definitiva, un poemario de carácter íntimo no que, ás veces, iconos culturais universais como Andy Warhol ou



Elvis Presley aparecen formando parte dunha Galiza de cor sepia.





## Saudade de ti

Non é Galiza terra dada a adorar os mortos, -seica, máis ben, a convivir tranquilamente con eles- pero se alguén o merece, non podería ser outro que Andrés Dobarro, “un crooner da fin do mundo”, como o cualificou Xurxo Souto, e que conseguiu os primeiros números un nas listas de grandes éxitos para a música galega con temas moi coñecidos para aquelas persoas que andan polos cincuenta anos: “Teño saudade”, “Corpiño xeitoso” ou “O tren”, -que chegou a versionar Sinistro Total-, e que dende hai menos dun ano reúne arredor da súa figura un amplo e activo monllo de mozos na internet, no enderezo [www.saudadedeti.org](http://www.saudadedeti.org). A comisión “Saudade de ti” comezou reclamando a volta dos restos do cantante para seren soterrados no Panteón de Galegos Ilustres e xa organizou mesas redondas co gallo do décimoquinto cabodano do ferrolán, permitindo na súa páxina descargar temas de Dobarro para o móbil ou versións que formacións como Safari Orquestra fixeron dos éxitos dobarrianos. Un documental dirixido por Anxo Fernández e rodado en Monforte a comezos deste mesmo ano, e no cal colabora a familia de Andrés -reacia a esta clase de eventos logo dalgunha mala experiencia na TVG-; amigos como o médico Manuel Lásén, o escritor Xavier Alcalá, a actriz Concha Velasco, o crítico musical Nonito Pereira... véñense sumar ás homenaxes que se lle están a brindar a Dobarro. Así pois, todo un xeito de achegar á mocidade a figura de alguén que, malia non ter o activismo político doutros músicos da época, si soubo chegar ao público e axudou a dignificar a nosa lingua ao se atrever a cantar nela nunha época onde isto era complicado.

# ... But I like it

Jimmi Hendrix, Janis Joplin, Sid Vicious, Freddy Mercury, Johnny Thunders, Kurt Cobain,..., a listaxe de estrelas do rock mortas prematuramente, e que o grupo de rap Def Con Dos caricaturizaban no tema “Muertos del rock (Vol. II)”, pertencente ao seu disco *Alzheimer*, (1995), para alén de amosar a teima da banda galego-madrileña, representa unha mostra, cativa pero senlleira, da cantidade de músicos que a industria discográfica ten explotado despois de finados, para crear iconas culturais que lles aportan grandes beneficios.

Aínda que quizais cómpre distinguirmos entre aqueles convertidos en mártires “á forza”: Lennon, Freddy Mercury, Bob Marley, Buddy Holly, Selena,..., daqueles outros que non souberon convivir coa fama e remataron devorados pola vertixe, coma Janis Joplin, Kurt Cobain, Antonio Flores ou Jim Morrison. Os primeiros, aos que pode non ser moi correcto chamar “mártires”, non deixan de ser a pegada do cotián no immaculado mundo dos astros. Nesa terra maravillosa, onde viven os protagonistas das series de televisión, as estrelas da música e algún xogador de fútbol, as desgrazas non adoitan aparecer e, cando o fan, a conmoción varre até o derradeiro dos seguidores do “caído”. O fenómeno vén de lonxe, probablemente nace coa morte en accidente aéreo de Buddy Holly e Ritchie Valens, -o primeiro latino, con temas coma “La bamba”, en triunfar nos Estados Unidos-, o 3 de febreiro de 1959: dous mocíños que se estaban a converter en figuras do rock n’ roll, que comezaba daquela o seu esplendor e non deixa de estar ligado á sociedade moderna occidental que refuga das ideas da vellez e da morte, determinando que a xente fiquen conmocionada cando desaparece

### Mártires do rock

DANIEL LAVESEDO

algún dos habitantes dese mundo de fantasía. Mais incluso dentro deste primeiro continente, se analizamos máis polo miúdo, imos dar cun curioso subgrupo: os asasinados polos seus fans, aqueles que tiveron a mala sorte de ter entre as ringleiras de admiradores algún tolo afouto de abondo como para lles tirar a vida. Non cabe dúbida de que aquí sobrancea a figura do ex-beatle John Lennon, asasinado o 8 de decembro de 1980 por Mark Chapman, -aínda que o seu fillo Sean Lennon ten dito que a CIA estaba detrás do suceso-, pero a lista é grande e chega á raíña do “Tex-Mex”, Selena, asasinada pola fundadora do seu club de fans, Yolanda Saldívar, en marzo de 1995.

Porén, os verdadeiros mártires do rock son aqueles que morreron bébedos do estrelato, convertidos na imaxe que deles quixeron dar ou angustiados diante da tolemia da fama. A nómina foi abondosa nos primeiros setenta: o ex-Rolling Stone, Brian Jones, apareceu morto na súa piscina en 1969; Jimmy Hendrix, Jim Morrison e Janis Joplin faleceron en menos dun ano, dende setembro de 1970 deica xullo do 71, os tres con menos de trinta anos e tamén os tres aparentemente de sobredose, nunha especie de pesadelo que rematou de vez co esplendor hippie e comezou a aprenderlle ao mundo a faciana escura das drogas duras. Tamén Elvis, o rei do rock, ca-

miñou cara á decadencia até se converter nunha sombra del mesmo e morrer, alcohólico, o 16 de agosto de 1977 no seu rancho de Graceland. A mestura de drogas e o estrelato fixeron inaturábel a vida da estrela do punk, Sid Vicious, quen probablemente se suicidou cunha sobredose en Nova York, despois de saír da prisión polo suposto asasinato da súa moza Nancy Spungen. Curiosamente a persoa que introduciu a Vicious no mundo das drogas, o cantante do grupo americano New York Dolls, Johnny Thunders, morrería tamén por mor da heroína en 1991. Polo de agora, a listaxe daqueles que preferiron vivir rápido para deixaren un “cadáver fermoso” péchaa o ídolo grunge Kurt Cobain, que se suicidou aos 27 anos despois de varias tentativas.

Para rematar, a década dos noventa trouxo unha nova caste de mártires do rock, que está a medrar vizosa neste novo milenio; trátase dos venerábeis “avós do rock” que aparecen encarnados nomeadamente nos Rolling Stones, mais que hoxendía, co asentamento desta moda revival, ten xa integrantes de abondo: dende as vellas glorias do heavy hispano, como Barón Rojo ou Obús, deica bandas da sonda de Pink Floyd, The Ramones ou Deep Purple, volven aos escenarios con vinte anos máis nas costas, sen as enerxías de antano e, ás máis das veces, sen creatividade nin orixinalidade, pero ofrecendo a oportunidade ás novas xeracións de contemplar en directo os vellos ídolos. Debullada devagar, esta nova moda non semella máis que unha manobra da industria que, ante a imposibilidade de crear novos mitos, zuga, até os deixar enxeitos, nos antigos, nun ronsel de compilacións, xiras mundiais,..., que semella ir perseguilos até a tumba.